das e saídas de persoas, materias primas, logo de pesaxe destas, realizando as tarefas de custodia e vixilancia, de acordo coas instruccións recibidas dos superiores.

Persoal obreiro.

Este grupo comprende as seguintes categorías:

Peóns.

Especialistas de terceira.

Especialistas de segunda.

Especialistas de primeira.

Oficiais de terceira.

Oficiais de segunda.

Oficiais de primeira.

Peóns: son os operarios que realizan labores que non requiren a práctica operatoria previa para a súa execución.

Especialistas: comprende esta categoría, nas súas tres clasificacións de primeira, segunda e terceira, aqueles operarios que, despois dun determinado período de prácticas, realizan tarefas e operacións da industria láctea e os seus derivados.

Neste sentido, a clasificación corresponderá coas definicións seguintes:

Especialistas de terceira: son os operarios que coñecen e realizan unha operación de proceso industrial e están á fronte dunha máquina, respondendo do seu funcionamento. En todo caso considéranse dentro desta clasificación os postos de traballo que a continuación se describen:

1. Envasadores: son os encargados de enche-los envases nas máquinas semiautomáticas.

2. Preparadores de xaropes: son os que cun rendemento correcto e normal, preparan os cocidos de xarope de azucre, realizando as operacións de pesado e tamizado do azucre, así como a disolución, cocción, filtrados e demais accesos de tales operacións.

Especialistas de segunda: son os operarios que coñecen e realizan varias operacións do proceso industrial dalgún producto e realizan unha ou varias operacións destes procesos. Considéranse dentro desta categoría os seguintes grupos:

a) Oficiais queixeiros: son os que realizan a elaboración dalgunha clase de queixo e coñecen o manexo das máquinas e utensilios que interveñen nesta clase de transformación.

b) Oficiais manteigueiros: son os que coñecen as distintas fases da elaboración de manteiga e o manexo de tódalas máquinas que interveñen na súa fabricación.

c) Pesadores de leite fresco a recepción: son os que comproban a báscula e practican a pesada do leite, facendo as sumas e anotacións de acordo coas instruccións dos seus superiores, distribuíndo o artigo para as distintas masas e productos que se elaboren.

d) Envasadores por medios mecánicos: son os encargados de vixiar e realiza-lo enchido polas máquinas envasadores, coñecendo tódalas condicións dun perfecto envasado.

e) Hixienizadores de leite: son os que coidan da vixilancia e bo funcionamento dentro da fábrica de todos e cada un dos aparellos de calquera sistema de hixienización.

f) Refrixeradores de leites concentrados e condensados: son os que efectúan a refreixeración do leite concentrado ou condensado e están ó coidado da batería de refrixeradores, coñecendo tódalas condicións de temperatura e tempo de recuperación.

-Especialistas de primeira: son os operarios que coñecen as operacións que comprende a elaboración dalgúns dos productos lácteos e realizan unha ou máis destas. En todo caso, considéranse dentro desta clasificación os postos de traballo que a continuación se describen:

Elaboración e envasado de iogurt, pasteurizado, aséptico, queixo fresco, postres, nata, manteiga, leite en po, etc.

Envasado dos productos anteriores-caldeiras e compresores-esterilización-desecado.

Oficiais: son os operarios que, tendo feito nas condicións legais establecidas a aprendizaxe dun oficio determinado, desenvolven funcións propias desta.

Quedan comprendidos neste grupo os conductores de recollida, distribución, mecánicos, electricistas, carpinteiros, albaneis, soldadores, etc. Os operarios encadrados neste grupo de oficios clasifícanse nas seguintes categorías.

Oficiais de terceira: son os operarios que, despois de face-la aprendizaxe dun oficio, non alcanzaron os coñecementos e experiencia necesarios para executa-los traballos coa corrección esixida a un oficial de segunda.

Oficiais de segunda: son os traballadores que realizan coa corrección adecuada os traballos do seu oficio, pero sen posuír unha especialización que lles permita desempeña-los traballos máis complexos con perfección.

Oficiais de primeira: son aqueles operarios que, coñecendo un oficio, o practican con tal grao de perfección que non soamente lles permite levar a cabo os traballos xerais del, senón aqueloutros que supoñen especial esmero e delicadeza.

Se algún posto non estivese recollido no presente documento por ser de nova creación ou modificación, reunirase a comisión mixta paritaria para a súa clasificación.

# IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Resolución do 23 de outubro de 2002, da Dirección Xeral de Persoal, pola que se fai pública a lista provisional de admitidos e excluídos para participar nos procedementos selectivos de acceso ó corpo de profesores de ensino secundario, quenda especial, na especialidade de psicoloxía e pedagoxía.*

De conformidade coa base común 4, punto 1 da Orde do 16 de xullo de 2002 pola que se convocaban

procedementos selectivos de ingreso e acceso ó corpo de profesores de ensino secundario, quenda especial, na especialidade de psicoloxía e pedagoxía.

Esta dirección xeral

*DISPÓN:*

Primeiro.-Facer pública a lista provisional de admitidos ós procedementos selectivos de acceso ó corpo de profesores de ensino secundario, quenda especial, na especialidade de psicoloxía e pedagoxía nos anexos I e II desta resolución, respectivamente.

Segundo.-Declarar excluídos provisionalmente os aspirantes que figuran no anexo II desta resolución, polas causas que se indican.

Terceiro.-Os interesados poderán interpoñer, no prazo de 10 días naturais, as reclamacións que consideren oportunas, conforme o disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 23 de outubro de 2002.

Severino Somoza Gómez
Director xeral de Persoal

*ANEXO*

LISTAXE BAREMO PROVISIONAL

QUENDA ESPECIAL

DISCIPLINA: 590018-PSICOLOXIA E PEDAGOXIA

| APELIDOS E NOME | DNI |
|---|---|
| ALEJO GONZALEZ, JOSE | 76560139 |
| ALVARADO RODRIGUEZ, JOSE MANUEL | 34551561 |
| ANTAS VIDAL, IRENE PILAR | 35226767 |
| ARAUJO GONZALEZ, OLGA | 34551767 |
| AREAN VAZQUEZ, MARIA DEL CARMEN | 34907674 |
| ARMAS CASTRO, MANUEL | 33209387 |
| ARROYO ESTEVEZ, MARIA DEL CARMEN | 76847669 |
| BLANCO GRILLE, PEDRO | 76274111 |
| BLANCO RABADE, MANUEL | 33810629 |
| BOUZA REY, JESUS JOSE | 32596740 |
| BURQUE TORREIRA, MARIA ELENA | 76468884 |
| CAABEIRO LAGARES, MARIA DE LOS ANGELES | 32572620 |
| CASTRO GARCIA, ROBERTO | 34905384 |
| CID GARCIA, MARIA DEL PILAR | 76690526 |
| COELLO DOMINGUEZ, MARIA GRACIELA | 35947850 |
| DIAZ CORTIÑAS, ALFONSO | 33789031 |
| DIAZ SANTALLA, MARIA ELISA | 33827028 |
| DOMARCO ALVAREZ, ELIXIO ANTONIO | 34583445 |
| ESTEVEZ SOLLA, JOSE LUIS | 35228950 |
| FERNANDEZ ESPIÑEIRA, JOSE MANUEL | 34584360 |
| FERNANDEZ LOPEZ, JOSE | 76702943 |
| FERNANDEZ SUCASAS, JOSE ANTONIO | 33816303 |
| FERNANDEZ–ALBOR BALTAR, MARIA ASUNCION | 33215362 |
| FERRO FONTENLA, JOSE ELADIO | 35251183 |
| FIGUEIRA LOURO, LUCIA PILAR | 33141207 |
| GALA MERINO, SERAFIN | 03399064 |
| GARCIA JANEIRO, MARIA JESUS | 34907288 |
| GOMEZ BARROS, MARIA PILAR | 35215382 |
| GONZALEZ ADAN, MARIA DO CARME | 34564617 |
| GONZALEZ FERNANDEZ, ANTONIO | 34584631 |
| GONZALEZ GARCIA, CELSA | 33768027 |
| GONZALEZ GROBA, FRANCISCO | 35527029 |
| GONZALEZ GUERRERO, MARIA DEL CARMEN | 34588344 |
| GONZALEZ MATO, ROSA MARIA | 35239867 |
| GONZALEZ SABUCEDO, MARIA TERESA | 34578061 |
| GRANDAL GOMEZ, ANTONIO | 32550535 |
| IBAÑEZ GONZALEZ, MARIA FELICIDAD | 12169392 |
| ILARRI JUNQUERA, MARIA ASUNCION | 35946259 |
| INSUA MEIRAS, FRANCISCO | 32602937 |
| INSUA VILLAMAYOR, MANUEL | 33749382 |
| IRIMIA FERNANDEZ, MARIA DEL PILAR | 32365848 |
| LAGE CASAL, AVELINO | 35232061 |
| LOPEZ BLANCO, JOSE ANTONIO | 32393409 |
| LOPEZ VAZQUEZ, JOSE | 33783868 |
| MARIÑO CASTRO, CARLOS | 34239198 |
| MARZOA SUAREZ, SEGUNDO | 32398780 |
| MENENDEZ MARTIN, ELENA | 32365014 |
| MOLEIRO RODRIGUEZ, SECUNDINO | 34556802 |
| MONTERO LOPEZ, MARIA DEL CARMEN | 33156806 |
| MUNIN PUGA, RAMON | 33143194 |
| NIETO SERVIA, ENCARNACION | 76478052 |
| NOGUEIRA BLANCO, MARIA ISABEL | 34573011 |
| NOGUEIRAS FERNANDEZ, MARIA ELENA | 34533968 |
| NOVOA LOSADA, MARUJA | 34563160 |
| OTERO BESTEIRO, DOMINGO BENITO | 34713924 |
| OTERO FERNANDEZ, ANIBAL | 33749326 |
| OTERO SUAREZ, JUANA MARIA | 33196367 |
| OTERO VAZQUEZ, JOSE SANTOS | 34573318 |
| OUBEL ARCOS, MIGUEL ANGEL | 33228401 |
| PAIL0S FIGUEROA, MARIA ISABEL | 32373443 |
| PUENTE CARRACEDO, HIPOLITO | 76772670 |
| PULIDO PICOUTO, MARIA TERESA | 34602697 |
| RABADE ARIAS, MARIA DOLORES | 33806111 |
| RAPOSEIRAS CORREA, JOSE | 35245157 |
| RODRIGUEZ GARRIDO, MANUEL | 34586873 |
| RODRIGUEZ RUIBAL, MARIA DEL CARMEN | 33227652 |
| SALVADO LOPEZ, MARIA | 33195367 |
| SANCHEZ BOLAÑOS, MARTA | 34216949 |
| SANCHEZ ESTEVEZ, JOSE ANTONIO | 34245397 |
| SEOANE PEREZ, JOSE LUIS | 34915088 |
| SOLLA BEA, JOSE | 35215793 |
| SOMOZA DOMUIÑO, ALEJANDRINA | 34699433 |
| VAZQUEZ RODRIGUEZ, EUDOSIA | 34571478 |
| VELOSO ALVAREZ, ANTONIO | 34596641 |

*ANEXO II*

| APELIDOS E NOME | DNI | CAUSA |
|---|---|---|
| DANS DEL RIO, M. DEL CARMEN | 32378580 | NON SE AXUSTA Á BASE COMÚN 2.1 |

*Resolución do 23 de outubro de 2002, da Dirección Xeral de Persoal, pola que se fai pública a lista provisional de admitidos e excluídos para participar nos procedementos selectivos de ingreso e acceso ó corpo de profesores de ensino secundario, quenda de prazas afectadas polo artigo 15 da Lei de medidas, na especialidade de psicoloxía e pedagoxía.*

De conformidade coa base común 4, punto 1 da Orde do 11 de xullo de 2002 pola que se convocaban procedementos selectivos de ingreso e acceso ó corpo de profesores de ensino secundario, quenda de prazas afectadas polo artigo 15 da Lei de medidas, na especialidade de psicoloxía e pedagoxía.

Esta dirección xeral

*DISPÓN:*

Primeiro.-Facer pública a lista provisional de admitidos ós procedementos selectivos de ingreso e acceso ó corpo de profesores de ensino secundario, quenda de prazas afectadas polo artigo 15 da Lei de medidas, na especialidade de psicoloxía e pedagoxía no anexo desta resolución.

Segundo.-Os interesados poderán interpoñer, no prazo de 10 días naturais, as reclamacións que consideren oportunas, conforme o disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xuridico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 23 de outubro de 2002.

Severino Somoza Gómez
Director xeral de Persoal

*ANEXO*

LISTAXE BAREMO PROVISIONAL

QUENDA ARTIGO 15

DISCIPLINA: 590018-PSICOLOXIA E PEDAGOXIA

| APELIDOS E NOME | DNI |
|---|---|
| CAMBA SEARA, JOSE LUIS | 34903949 |
| GARCIA LOPEZ, ANA | 33218308 |